

## TAREFAS 2º DE PRIMARIA

### SEMANA DO 16 AO 20 DE MARZO

- Rematar a **Unidade 10 do libro de Xuntos** os que aínda non a teñan rematada e teñan o libro na casa.
- **Comezar unidade 11 do libro de Xuntos** e facer ata a páxina 13 incluída.
- En matemáticas e lingua, non podemos traballar nos libros porque moitos nenos e nenas o teñen na clase.
- **En matemáticas** estudar a táboa do 6 e repasar as anteriores, durante as dúas semanas. Facer cada día unha conta de sumar, restar con levadas con números de tres cifras (ata 999) e multiplicacións por unha cifra (ex. 325x5). Tamén problemas que se resolvan con ditas operacións. Se queredes poñédelles as cancións das táboas de multiplicar de Miliki que lles gustan moito.
- **En lingua castellana**, pequenos exercicios de singular-plural, masculino- feminino, palabras con br-/bl, con g/j, rematadas en -illo/-illa/-illos/-illas, construír oracións cunha palabra dada, facer descricións escritas de obxectos, ditados, copiar cancións, adiviñas...
- **Libro de lectura "12 sorpresas"**, lemos cada día unha páxina, como facemos normalmente na clase.
- Os libros de texto traen **un código para poder traballar e repasar exercicios on line**. Ditos códigos aparecen nos libros do primeiro trimestre de matemáticas e lingua e no libro de xuntos.

### SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

- Continuamos coa **Unidade 11 do libro de Xuntos e rematámola** facendo ata a páxina 23 incluída.
- En **matemáticas, lingua castellana e libro de lectura**, continuamos con exercicios do tipo da semana anterior.

**Agradecemos moito a vosa comprensión e colaboración neste momento e pedímovos que non vos agobiedes, simplemente se trata de que as nenas e nenos non perdan as rutinas de traballo e fagan as tarefas que poidan. Ánimo a todos e todas!**